



## FICHA ISAD(G) DA COLEXIATA DE SANTA MARÍA DE VIGO

## 1.- ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Código(s) de referencia	ES.GA.36057.AM.VIG.11
Título	COLEXIATA DE SANTA MARÍA DE VIGO
Datas	1578-1931
Nivel de descrición	Fondo
Volume e soporte	8 unidades de instalación con 254 expedientes ou agrupacións documentais en soporte papel na súa totalidade

## 2.- ÁREA DE CONTEXTO

Nome do produtor	Colexiata de Santa María de Vigo
<i>Historia administrativa (ISAAR)</i>	<p>A historia da Colexiata de Santa María de Vigo é relativamente descoñecida. Algúns documentos permiten saber que arredor do século XII xa existía a vila de Vigo que contaba daquela con dúas igrexas: Santa María e Santiago, ambas dependentes do Bispado de Tui. A Igrexa de Santa María estaba situada no centro da localidade, sendo un templo de estilo románico. Cara o século XV o florecemento demográfico da vila permite a construción dun novo edificio, neste caso de estilo lombardo, rematado en 1403. Daquela primitiva construción consérvanse o tímpano e algunhas partes do seu retablo. A finais dese século, en 1497, o bispo Pedro Beltrán elevaríaa ao rango de Colexiata.</p> <p>O devir do templo nos seguintes anos estivo marcado polas invasións. Así en 1589 Santa María era saqueada polo corsario Francis Drake, motivo polo que o rei Felipe II concede un privilexio real a favor da fábrica da mesma para a súa reconstrución, establecendo que fora o concello o encargado de designar este cargo. Esta doazón é a orixe do padroádego do Concello de Vigo sobre a igrexa colexial. Novos ataques como os dos berberiscos de 1617, os portugueses a partir de 1640 ou os ingleses de 1702 e 1719 manterán a construción nun estado moi precario. Así, en 1728, e debido ao descenso da poboación e das rendas, redúcese o número de racioneiros da igrexa de seis a dous.</p> <p>A pesar das reparacións realizadas ao longo do século XVIII, en 1813 a explosión da polvorea do Castelo de San Sebastián conmove a igrexa provocando a súa ruína total. O Concello encargará ao arquitecto Melchor Prado Mariño o deseño do actual inmobile, realizado en estilo neoclásico. Posteriormente o crecemento da importancia de Vigo dentro da súa diocese leva á elevación da Colexiata primeiro a Concatedral e máis tarde a Basílica.</p>
Institución arquivística	Arquivo municipal de Vigo
Historia arquivística	Este fondo encontrábase integrado nunha colección facticia denominada "Documentación relixiosa" formando unha



	<p>especie de sección. Non obstante, durante o proceso de reorganización dos fondos documentais do Arquivo municipal, realizado a partir do ano 2020, esta documentación foi individualizada conformándose como un fondo e dotándoa dun cadro de clasificación simple en base a cinco series documentais. Anteriormente, estaba organizado nas seguintes agrupacións documentais:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>&gt; Asuntos económicos</li><li>&gt; Persoal</li><li>&gt; Culto relixioso que incluía patrimonio, actas, confrarías e doazóns</li><li>&gt; Obras</li><li>&gt; Correspondencia</li></ul>
Forma de ingreso	Por transferencia ao pertenceren o Concello de Vigo ao padroádego da Institución.

### 3.- ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

Alcance e contido	<p>O fondo da Colexiata de Santa María componse de oito unidades de instalación, cunha extensión de 0,88 metros lineais. A documentación distribúese entre os anos 1578 e 1931. É un fondo con importantes perdas documentais, xa que nos distintos ataques sufridos pola cidade a documentación conservada, ben no Concello ou be na propia igrexa foi sufrindo perdas de todo tipo. A maioría dos rexistros correspóndense co exercicio dos dereitos do padroádego que o Concello ostentaba sobre a Colexiata, especialmente aqueles referidos ás contas e nomeamentos de diversos cargos, así como ás obras do novo templo ao longo do século XIX.</p>
Valoración, selección e expurgo	Non se realizou ningunha expurgación
Novos ingresos	Non se esperan novos ingresos dado que o Concello de Vigo xa non está integrado no padroádego da Institución.
Organización	<p>O fondo está organizado en cinco series documentais:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1.- Expedientes da administración (1620-1908)</li><li>2.- Expedientes de persoal (1816-1931)</li><li>3.- Culto relixioso (1578-1898)</li><li>4.- Expedientes de obras (1653-1918)</li><li>5.- Asuntos económicos (1593-1907)</li></ol>

### 4.- ÁREA DE CONDICIÓNS DE ACCESO E UTILIZACIÓN

Condicións que rexen o acceso	Documentación patrimonial de libre acceso.
Condicións de reprodución	Reprodución libre a solicitude do interesado, coa excepción da protección documental e da salvagarda da súa integridade.
Notas da lingua/escritura dos documentos	Castelán
Características físicas e requirimentos técnicos	
Instrumentos de descrición	Catálogo informatizado dispoñible en <a href="http://www.atopo.depo.gal">www.atopo.depo.gal</a>

**5.- ÁREA DE DOCUMENTACIÓN ASOCIADA**

Existencia e localización de orixinais	
Existencia de localización de copias	
Unidades de descrición relacionadas	<p>No Arquivo Capitular e Histórico Diocesano de Tui podemos encontrar, dentro do fondo Histórico da Curia Diocesana de Tui-Vigo, documentación relacionada coa Colexiata de Vigo:</p> <p>4.13. Colexiata de Vigo 4.13.1. Actas Capitulares (1616-1691) 4.13.2. Capelanías e Obras Pías (1570-1816) 4.13.3. Confrarías Santísimo Rosario (1736-1800) 4.13.4. Circulares (1790-1862) 4.13.5. Foros e Rendas (1562-1769) 4.13.6. Reparacións (1807-1836) 4.13.7. Hospital (1599-1835) (<a href="http://arquivos.depo.gal/?1,6457">http://arquivos.depo.gal/?1,6457</a>)</p> <p>Ademais, dentro deste mesmo Arquivo podemos sinalar a existencia dos arquivos parroquiais entre os que se encontra o fondo da freguesía de Santa María de Vigo. (<a href="http://arquivo.galiciiana.gal/arpadweb/es.ga.36055.ahdt/es/consulta/registro.do?id=302374">http://arquivo.galiciiana.gal/arpadweb/es.ga.36055.ahdt/es/consulta/registro.do?id=302374</a>)</p>
Nota de publicación	

**6.- ÁREA DE NOTAS**

Notas

**7.- ÁREA DE CONTROL DA DESCRICIÓN**

Notas do arquivado	Descrición realizada polo persoal técnico do municipal de Vigo e colaboradores
Notas do arquivado	Primeira versión: Febreiro de 2021 Segunda versión: Setembro de 2021
Regras ou normas	General International Standard Archival Description, Second Edition, ISAD (G) Norma Galega de Descrición Arquivística (NOGADA)
Data da descrición	Febreiro de 2021
Estado de elaboración	Borrador
Nivel de detalle	Parcial
Idioma	Galego
Fontes	